


MOCIÓN DO GRUPO DE MUNICIPAL DE SONDETEO-ANOVA  
O APOIO AS MOBILIZACIÓNS DO 8 DE MARZO



Exposición de motivos

Ás violencias machistas cotiás están no presente da nosa sociedade a través de 1.000 asasinatos de mulleres en pouco máis de 14 anos só no Estado español. As desigualdades continúan estando presentes na nosa sociedade como en anos pasados, e son o motor da pior das violencias, a que esta implícita no funcionamento do sistema social, económico, laboral e político

Neste ano ademais, douse un fenómeno novo, comeza a haber un retroceso político na defensa do territorio gañado para a igualdade. A irrupción de forzas de extrema dereita, apoiándose en pactos de goberno coa dereita, propugna directamente a supresión de leis garantistas para as mulleres. Non tiñamos dado esta volta atrás en democracia.

E para rematar o ano, volven a sacar en procesión os dereitos reprodutivos das mulleres. Pero para mal. Volvennos a dicir que hai que repensar a lei do aborto. Agora coa desculpa de loitar contra da despoboación. Con este nivel discursivo podemos chegar a facer realidade a situación da serie "o conto da criada",

Ante isto, acabar coa discriminación entre mulleres e homes, volve unha carreira de resistencia, que comeza por non perder o ganado. Non hai nada asegurado, pero é un deber ético e un compromiso histórico inaprazable.

O 8 de marzo, ten a súa orixe na reivindicación dos dereitos laborais femininos no ano 1908, e que rematou co asasinato de 146 traballadoras do téxtil por pedir salarios dignos. O ano pasado a folga feminista tivo unha repercusión e un seguimento masivo na sociedade española. Este ano non se pensa que poida ser menos. A maioría dos sindicatos están a dar cobertura legal ao próximo 8 de marzo ao paro internacional de mulleres impulsado por numerosas organizacións do movemento feminista en todo o mundo. Por todo elo propoñemos ao Pleno os seguintes ACORDOS:

- 1.- Apoiar a Folga Xeral das Mulleres, así como as mobilizacións e accións que convoca o movemento feminista para este 8 de Marzo.
- 2.- O Concello comprometése a facilitar os medios de difusión dispoñibles para dar a coñecer os principais actos da xornada do 8 de marzo. En especial a folga das mulleres.
- 3.- Incluir nos actos de celebración institucional do 8 de marzo, información sobre o paro feminino do día 8.
- 4- Non realizar actos institucionais ou actividades o día 8 de marzo que poidan supoñer un entorpecemento ou dificultade para exercer o dereito de folga.
- 5.- Colocar a bandeira feminista na casa do concello de Teo, e unha pancarta no balcón do concello, como apoio as demandas das organización de mulleres.